

DNA. TEREIXA NOVO ARROJO

Delegada provincial de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Sistema galego de benestar

I. Que é o sistema galego de benestar?

O Sistema Galego de Benestar é un sistema público galego de infraestruturas, recursos, servizos e prestacións de benestar con carácter universal que teñen por obxectivo:

- Reforzar a cohesión social e comunitaria.
- Favorecer a autonomía persoal.
- Promover a Inclusión Social.
- Lograr a normalización social.

Constitúe un modelo propio, de país, para impulsar novas políticas sociais facendo do autogoberno galego o garante fundamental dun réxime de dereitos sociais e a construción dun espazo social baseado nos principios de solidariedade, a igualdade de oportunidades, a equidade, e a cohesión social e territorial.

DEFINICIÓN

Instrumento que pretende:

- Impulsar a participación e a corresponsabilidade sociocomunitaria.
- Garantizar a igualdade de oportunidades.
- Actuar sobre as causas da desventaxa social.

II. Criterios reitores

- **Universalidade:**
 - Sistema de recursos dirixido a toda a cidadanía, tanto no ámbito preventivo como no asistencial.
 - O acceso aos servizos establécese en función das situacións concretas e as necesidades valoradas.
- **Planificación e sostenibilidade:**

Ordenado en función das necesidades sociais plasmadas no Mapa de Servizos Sociais, que permite:

 - Establecer actuacións a corto, medio e longo prazo.
 - Dispoñer de recursos, servizos e prestacións de maneira sostible.
 - Establecer estándares de calidade equiparables en todo o territorio de Galicia.
- **Transparencia e eficacia:**

Garantía da dispoñibilidade e acceso aos servizos e prestacións públicas mediante a regulación e implementación dos medios humanos, técnicos e financeiros e dos equipamentos necesarios.
- **Prevención:**

As políticas de servizos sociais teñen unha vocación preventiva. Trátase de abordar os problemas sociocomunitarios de maneira anticipada.
- **Profesionalidade e interdisciplinariaidade:**

As intervencións nos programas e servizos do Sistema Galego de Benestar está baseado na conformación de equipos profesionais interdisciplinares.
- **Participación:**

Promóvese a implicación e o protagonismo dos/as usuarios/as, dos seus familiares e das organizacións da sociedade civil no diseño, programación e xestión dos servizos e prestacións.

III. Pilares do sistema galego de benestar

Dúas grandes áreas transversais a tódolos colectivos:

- Sistema Galego de Autonomía Persoal.
- Área de Inclusión Social

IV. Sistema galego de autonomía persoal

Gran área de actuación que ten como obxectivo a atención e promoción social das persoas en situación de dependencia, tanto maiores como menores de 65 anos.

Trabállase por primeira vez:

- Desde un enfoque preventivo.
- Foméntase a participación social das persoas maiores.
- A visibilización das persoas con discapacidade.

PROGRAMAS

- Programa de sensibilización de promoción social.
- Aulas de promoción da autonomía persoal.
- Xantar na casa.
- Lavandería.
- Podoloxía.
- Atención residencial.
- Atención diurna especializada na enfermidade de Alzheimer.
- Axuda no fogar.
- Teleasistencia.
- Transporte adaptado.
- Libranza de servizos.
- Libranza de asistentes persoais.
- Libranza de coidados no entorno.

SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL

Servizo Público de carácter social de axuda ao desprazamento programado, e non urgente coa presenza dun/ha monitor/a acompañante.

Plan de Atención ás persoas con discapacidade:

“Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2008-2012” en colaboración co tecido asociativo.

Accións transversais en materia de saúde, educación, formación e emprego, participación social, ocio e tempo libre.

Instrumentos de xestión:

Desde o Sistema Galego de Benestar

1. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Sociedade Galega de Servizos Sociais (*Sogaserso*).
3. Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (*Funga*).